



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X legislatura
Número 377
29 de outubro de 2018



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Aprobación sen modificacións

I 37732 (10/MOC-000106)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación económica e social de Galicia. (Moción a consecuencia da interpelación nº 34252, publicada no BOPG nº 349, do 31.08.2018, e debatida na sesión plenaria do 25.09.2018) [127569](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 37737 (10/MOC-000107)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación ambiental do río Umia. (Moción a consecuencia da interpelación nº 36141, publicada no BOPG nº 354, do 12.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 25.09.2018) [127569](#)

I 37754 (10/MOC-000108)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa redución da oferta educativa nos concellos. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 34790, publicada no BOPG nº 352, do 05.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 25.09.2018) [127569](#)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

I 34727 (10/PNP-002608)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Agricultura e Pesca para contrarrestar o efecto das medidas adoptadas polas autoridades sanitarias a propósito do anisakis [127570](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 36986 (10/PNP-002764)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e cinco deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas axudas de compensación por custos adicionais incorridos por industrias electro-intensivas, previstas na disposición adicional centésima cuadraxésima quinta da Lei de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, por importe de 150 millóns de euros

[127570](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 36234 (10/PNP-002696)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación da modificación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal dos terreos de Ence en Lourizán, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central respecto do acordo de prórroga da concesión adoptado o 20 de xaneiro de 2016

[127571](#)

I 36793 (10/PNP-002746)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego destinadas á declaración oficial como praga da *Vespa velutina* na comunidade autónoma, así como dirixirse ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que revise a versión aprobada pola Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade do 14 de novembro de 2014 e pola Conferencia Sectorial de Medio Ambiente o 16 de abril de 2015 denominada Estratexia de xestión, control e posible erradicación da avéspera asiática ou avéspera negra e trasladar ás institucións europeas a urxencia da situación medioambiental que está a suceder en Galicia para que se aborde no seo da Unión Europea e definir unha estratexia comunitaria

[127571](#)

I 37671 (10/PNP-002809)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre a demanda do Goberno galego ao Ministerio de Transición Ecolóxica da realización das modificacións oportunas para posibilitar o ofrecemento do bono social por todas as empresas comercializadoras de electricidade

[127572](#)

I 37693 (10/PNP-002811)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa extensión da rede de puntos de encontro familiar a todo o territorio galego, así como a mellora do protocolo e condicións de acceso das persoas usuarias ás súas instalacións

[127572](#)

I 38250 (10/PNP-002844)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa presentación do precurso de acredores por parte da empresa que xestiona o hospital privado Povisa e o concerto que mantén co Sergas [127572](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión**1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas****COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA****Rexeitamento das iniciativas****I 29099 (10/PNC-002304)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e dous deputados/as máis**

Sobre o inicio polo Goberno galego dos trámites necesarios para a rehabilitación da casa medieval da cidade de Lugo coñecida como Hospital de San Miguel para o Ano Santo 2021 [127573](#)

I 36178 (10/PNC-002904)**Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa fenda de xénero nas carreiras STEM ou de ciencias, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas [127573](#)

I 37776 (10/PNC-003033)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis**

Sobre a dotación por parte do Goberno galego ao CEIP Manuel Fraga Iribarne do concello de Cariño do profesorado necesario para o desenvolvemento das medidas de atención á diversidade deseñadas polo Departamento de Orientación do centro para o curso 2018-2019 [127573](#)

I 1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos**1.3.7.1. Declaracións institucionais**

I Declaración institucional do Parlamento de Galicia, do 23 de outubro, sobre Alcoa [127573](#)

O Pleno do Parlamento, na sesión do 23 de outubro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Aprobación sen modificacións

- 37732 (10/MOC-000106)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación económica e social de Galicia. (Moción a consecuencia da interpelación nº 34252, publicada no BOPG nº 349, do 31.08.2018, e debatida na sesión plenaria do 25.09.2018)

BOPG nº 365, do 03.10.2018

Sométese a votación e resulta aprobada por 66 votos a favor, ningún voto en contra e 6 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dar resposta ás demandas que formula o Consello Económico e Social de Galicia na súa Memoria sobre a situación económica e social de Galicia en 2017, en especial as referidas á situación do mercado de traballo e relacións laborais, nas que demanda que se avance cara a un modelo de crecemento máis inclusivo, con menos desigualdades e cunha distribución da riqueza máis equitativa e a necesaria mellora na calidade do emprego, especialmente no que atinxe á alta taxa de temporalidade, á curta duración dos contratos e á alta rotación.»

Rexeitamento da iniciativa

- 37737 (10/MOC-000107)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación ambiental do río Umia. (Moción a consecuencia da interpelación nº 36141, publicada no BOPG nº 354, do 12.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 25.09.2018)

BOPG nº 365, do 03.10.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 20 votos a favor, 38 votos en contra e 14 abstencións.

- 37754 (10/MOC-000108)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa redución da oferta educativa nos concellos. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 34790, publicada no BOPG nº 352, do 05.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 25.09.2018)
BOPG nº 365, do 03.10.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

- 34727 (10/PNP-002608)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Agricultura e Pesca para contrarrestar o efecto das medidas adoptadas polas autoridades sanitarias a propósito do anisakis

BOPG nº 349, do 31.08.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 58 votos a favor, ningún voto en contra e 13 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reclamar do Ministerio de Agricultura e Pesca que desenvolva unha estratexia de comunicación para contrarrestar o efecto que está tendo esta confusión sobre as medidas adoptadas polas autoridades sanitarias a propósito do anisakis».

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 36986 (10/PNP-002764)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e cinco deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas axudas de compensación por custos adicionais incorridos por industrias electro-intensivas, previstas na disposición adicional centésima cuadraxésima quinta da Lei de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, por importe de 150 millóns de euros

BOPG nº 362, do 26.09.2018

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que requira do Goberno do Estado:

1. Que poña en marcha e antes da finalización da anualidade orzamentaria 2018 as compensacións previstas na disposición adicional centésima cuadraxésima quinta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, por importe de 150 millóns de euros. Estas compensacións deberán estar condicionadas a inversións para viabilidade tecnolóxica futura das factorías e o mantemento do emprego.

2. Que, para o exercicio 2019 e seguintes, se implante un novo réxime de compensación por custos adicionais incluídos no prezo da electricidade soportados polas industrias electrointensivas. Estas compensacións deberán estar condicionadas a investimentos para a viabilidade tecnolóxica futura das factorías e o mantemento do emprego.

3. Que para os anos sucesivos se establezan todos os mecanismos de compensación necesarios, co previo acordo coas comunidades autónomas afectadas, para que este tipo de industrias compitan en igualdade de condicións coas súas homólogas europeas. Estas compensacións deberán estar condicionadas a investimentos para a viabilidade tecnolóxica futura das factorías e o mantemento do emprego.

4. Demandarlle á empresa Alcoa a súa reconsideración e retirada do expediente de extinción de emprego sobre a totalidade do cadro de persoal na súa factoría da Coruña, tentado buscar solucións entre todos os axentes políticos, económicos e sociais afectados, e a abrir unha mesa de negociación con todas as partes implicadas para buscar unha solución. Solucións que teñen que presentar liñas de actuación adecuadas e de futuro que garantan o mantemento da produción e o emprego na factoría da Coruña.»

Rexeitamento da iniciativa

- 36234 (10/PNP-002696)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación da modificación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal dos terreos de Ence en Lourizán, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central respecto do acordo de prórroga da concesión adoptado o 20 de xaneiro de 2016

BOPG nº 358, do 19.09.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 19 votos a favor, 38 votos en contra e 14 abstencións.

- 36793 (10/PNP-002746)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego destinadas á declaración oficial como praga da *Vespa velutina* na comunidade autónoma, así como dirixirse ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que revise a versión aprobada pola Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade do 14 de novembro de 2014 e pola Conferencia Sectorial de Medio Ambiente o 16 de abril de 2015 denominada Estratexia de xestión, control e posible erradicación da

avespa asiática ou avespa negra e trasladar ás institucións europeas a urxencia da situación medioambiental que está a suceder en Galicia para que se aborde no seo da Unión Europea e definir unha estratexia comunitaria
BOPG nº 358, do 19.09.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 37671 (10/PNP-002809)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre a demanda do Goberno galego ao Ministerio de Transición Ecolóxica da realización das modificacións oportunas para posibilitar o ofrecemento do bono social por todas as empresas comercializadoras de electricidade

BOPG nº 365, do 03.10.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 37693 (10/PNP-002811)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa extensión da rede de puntos de encontro familiar a todo o territorio galego, así como a mellora do protocolo e condicións de acceso das persoas usuarias ás súas instalacións

BOPG nº 365, do 03.10.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 38250 (10/PNP-002844)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa presentación do precurso de acredores por parte da empresa que xestiona o hospital privado Povisa e o concerto que mantén co Sergas

BOPG nº 368, do 10.10.2018

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Puntos 1 e 2; rexeitados por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

Punto 3: rexeitado por 19 votos a favor, 38 votos en contra e 14 abstencións.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

Comisión 4ª, Educación e Cultura

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 26 de outubro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento das iniciativas

- 29099 (10/PNC-002304)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e dous deputados/as máis

Sobre o inicio polo Goberno galego dos trámites necesarios para a rehabilitación da casa medieval da cidade de Lugo coñecida como Hospital de San Miguel para o Ano Santo 2021

BOPG nº 293, do 18.04.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 36178 (10/PNC-002904)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa fenda de xénero nas carreiras STEM ou de ciencias, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas

BOPG nº 358, do 19.09.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 37776 (10/PNC-003033)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis

Sobre a dotación por parte do Goberno galego ao CEIP Manuel Fraga Iribarne do concello de Cariño do profesorado necesario para o desenvolvemento das medidas de atención á diversidade deseñadas polo Departamento de Orientación do centro para o curso 2018-2019

BOPG nº 368, do 10.10.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2018

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos

1.3.7.1. Declaracións institucionais

Declaración institucional do Parlamento de Galicia, do 23 de outubro, sobre Alcoa

O Pleno da Cámara, na súa sesión do día 23 de outubro de 2018, adoptou, por asentimento, o seguinte acordo:

«Declaración institucional sobre Alcoa

O Parlamento de Galicia quere reafirmar o compromiso co mantemento da actividade e o emprego en Alcoa, así como trasladarlle o seu apoio aos traballadores e ás traballadoras da planta da Coruña.

Lamentamos e rexeitamos a decisión unilateral da empresa de pechar tanto a instalación coruñesa como a que ten en Avilés, e demandámoslle a busca de alternativas para unha factoría que constitúe unha peza clave do tecido produtivo galego.

O Parlamento de Galicia comprométese a impulsar todas as administracións para, desde a unidade de acción, instar a compañía Alcoa a retirar o expediente de extinción de emprego que pesa sobre todos os traballadores e as traballadoras, e abrir unha mesa de negociación con todas as partes implicadas para atopar unha solución urxente que garanta o mantemento da actividade empresarial e o emprego; e a achegar seguridade e permitir ao conxunto das empresas electrointensivas competiren en igualdade de condicións co resto de factorías a nivel internacional.

Os e as representantes dos galegos e as galegas comprometémonos a facer unha fronte común para seguir defendendo os dereitos dos traballadores e das traballadoras de Alcoa e o futuro desta industria en Galicia».

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727